

Manual da VPN para Windows 7 e Windows 10


Instalación

Descarga o arquivo `openvpn-vpn-UDP4-1194-install-2.4.4-I601.exe` e segue o proceso de instalación.


Conectarse e desconectarse da VPN

En Windows 7, é importante lanzar *OpenVPN GUI* coma un **usuario administrador**. Se lanzas *OpenVPN GUI* coma un usuario, non se poderán establecer as rutas a VPN non funcionará.


1. En Windows 7, lanza o programa *OpenVPN GUI* coma un **usuario administrador** (non é preciso en Windows 10).




2. Unha vez lanzado, atoparás unha nova icona na bandexa de sistema para o OpenVPN. A icona vermella indica que non estás conectado.




3. Para conectarte, preme co botón dereito na icona de OpenVPN, escolle a rede (normalmente **vpn-citius** pero o nome pode variar), e preme *Conectar*.



4. A continuación aparecerá un cuadro de diálogo no que debes poñer o usuario do CiTIUS e o contrasinal.



5. Para desconectarte, volve premer co botón dereito na icona de OpenVPN, escolle a conexión correspondente e preme *Desconectar*:



From: <https://wiki.citius.usc.es/> - Wiki do CiTIUS

Permanent link: <https://wiki.citius.usc.es/centro:servizos:vpn:windows>

Last update: **2018/02/14 16:50**

